

# O Plan de ensino virtual da Xunta de Galicia: un gran título que menospreza ao profesorado, según ANPE

**Para ANPE, o sindicato independente que defende os dereitos dos docentes galegos, este Plan chega tarde e non responde ás incertidumes e necesidades reais dos centros educativos.**

O pasado día 2 de novembro, logo de case 8 meses do comezo do confinamento en Galicia, o responsable de regular o ensino galego, Román Rodríguez, presentou o seu Plan para “blindar os valores do sistema educativo galego, como son a calidade e a equidade”.

Os equipos docentes veñen sufrindo dende o comezo do curso a improvisación e a falta de consideración por parte dos responsables do ensino público en Galicia. Organizaron aulas, grupos e instalacións, xestionaron e solventaron as numerosas dificultades en cada centro mentres, dende a Consellería, un día chegaban unhas instrucións que ao día seguinte quedaban obsoletas. É por tanto necesario denunciar que este Plan non fai outra cousa que desdeñar os esforzos e o traballo tanto presencial coma dixital realizados ata agora pola comunidade educativa.

O prazo de 7 días marcado para a adaptación dos docentes ás ferramentas institucionais resulta totalmente insuficiente. Durante os citados 8 meses, os docentes desempeñaron o seu labor con profesionalidade e adaptándose ás circunstancias, adicando tempo, esforzos e medios propios para manter aos seus alumnos formados e activos nas diferentes materias.

Os nosos docentes están formados, participan en multitude de cursos (os cursos dos que a bombo e platillo a Administración alardea non comezaron a impartirse ata comezos de outubro, aínda que xa na primaveira se anunciaba a súa impartición); adican horas das súas noites a crear contidos e a prepararse para o que poda chegar, e o Plan da Consellería non se fia de que fagan o seu traballo, queren fiscalizar cada movemento.

Durante estes días e logo do anuncio do Plan, nas sedes de ANPE recibimos numerosas chamadas e mensaxes onde os docentes expresaban o seu malestar con esta nova volta de tuerca. Moitos xa se organizaron pola súa conta para manterse conectados cos seus alumnos, empregando ferramentas dixitais que agora a administración non considera válidas por, supostamente, non respectar a confidencialidade do alumnado. Contan que estaban contentos co funcionamento, que non se comparten datos persoais, que é o centro quen xestiona, e agora teñen que desfacer ese traballo e crear Aulas Virtuais. Falan de Edixgal, o outro bluff da Consellería, que aínda que supón ordenadores para os alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º de ESO, é unha ferramenta que non termina de arrincar.

Xa esta ben! Como representantes dos docentes solicitamos á Administración un tempo adecuado para poder realizar todo o traballo que supón o proceso de adaptación; que se permita, alomenos durante este difícil curso para todos, o emprego daquelas ferramentas e materiais dixitais que en cada centro foron consideradas máis válidas.

O sistema educativo equitativo e de calidade do que fala o Plan ten a súa base nos esforzos que cada día fan os docentes galegos, profesionais e abertos ás novas tecnoloxías. É xusto por tanto exixir dos responsables de educación ante todo respecto polo traballo realizado, que se acheguen solucións e posibilidades antes que imposicións e negativas.

ANPE denuncia este Plan e exige a súa modificación, dignificando a profesión docente e permitindo que sexan os profesionais os que xestionen o Ensino Galego de Calidade.